



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Espiñeira

Espiñeira s/n 15930 Boiro
☎ 981-847677 📠 981-848548
ies.espiñeira@edu.xunta.es
www.espiñeira.es

En Boiro, sendo as 11:10 horas do día 27 de novembro de 2015, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

Ausentes:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Suxestións e colaboración do profesorado para promocionar o IES Espiñeira.
3. Colaboración para elaborar unha Presentación/video de ensinanzas do centro para levar a outros institutos ou colexios e/ou para colgalos na páxina web.
4. Actividades a realizar o venres 18 de decembro.
5. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 23 de outubro de 2015
2. A directora comenta algunha das medidas propostas polo profesorado para mellorar a promoción do Centro (revista). Alberte Pagán suxire a posibilidade de sufragar a edición da revista a través do departamento de Normalización Lingüística. Isabel Mouriño sinala que o departamento conta cun presuposto limitado e que esa iniciativa esixiría moito traballo. O xefe de estudos apunta que as medidas deben ser valoradas e que deben ser estudado o grao de implicación que esixen por parte de profesorado e o custo de aplicación, dado que ás veces, o potencial beneficio dunha iniciativa non se corresponde con esforzo e traballo que esixe a aplicación de mesma (moito traballo para pouco beneficio).
3. A directora solicita a colaboración do profesorado para a implantación das medidas e para elaboración dun vídeo promocional do Centro e da súa oferta educativa.
4. A profesora Ferreirós sinala que debemos comunicar e publicitar mellor o que facemos. A directora comenta que as iniciativas das últimas semanas se están publicando no xornal e na páxina web.
5. A profesora Hermo expón as vantaxes de ter unha ferramenta de comunicación social tipo Facebook ou Twitter como instrumento de difusión das actividades do Centro e de comunicación inmediata coas familias.
6. Alberte Pagán informa que se vai realizar un campionato de billarda durante os recreos.
7. Para ter máis tempo para abordar as problemáticas do Centro a profesora Hermo suxire a posibilidade de ter as CCP pola tarde e o profesor Fraga de facelas máis frecuentes pero mantendo o horario habitual (recreos).
8. A vicedirectora informa do horario docente do día 18 de decembro.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 11:40 horas

A DIRECTORA

O SECRETARIO

Asdo.: Mercedes Fernández Fernández

Asdo.: Manuel Pimentel González